



Santiago de Compostela, a 9 de marzo de 2010

O COLEF Galicia desexa felicitar a todas as partes inmersas na negociación do convenio das instalacións deportivas polo acordo acadado no día de onte no Consello Galego de Relacións Laborais, e grazas ao cal se restaurarán os servizos que prestan á cidadanía.

Sabedores de que os acordos adoptados melloran a situación dos traballadores do sector, queremos destacar que **seguen vixentes outros problemas de fondo** como o intrusismo ou a calidade da prestación dos servizos deportivos, polo que a continuación detallamos máis polo miúdo a nosa postura sobre estas e outras cuestións:

1. Os profesionais que prestan o servizo esencial nas instalacións son os Técnicos deportivos, polo que consideramos que **a solución á problemática do sector pasa pola urgente regulación profesional** dos mesmos, esixindo unha titulación oficial específica que se corresponda coas funcións a desenvolver en cada posto.
2. **O Colexio Profesional**, que en breve deberá integrar a todos os profesionais titulados do deporte (non só universitarios), **ten a obriga de garantir que os cidadáns reciban un servizo deportivo de calidade** en base a principios de seguridade e protección da saúde, que respecte os seus dereitos e intereses como consumidores e usuarios.
3. **As administracións públicas deberían asumir a supervisión técnica e social das instalacións deportivas** que manteñen en réxime de concesión, e exixir a cualificación mínima e a obrigada colexiación dos profesionais que nelas traballan, **en beneficio da calidade dos servizos que ofrecen aos seus administrados.**
4. **A lacra do intrusismo**, xeradora de graves riscos para a saúde e a seguridade dos usuarios ao permitir que persoas sen competencias dirixan a práctica deportiva, **só será atallada mediante a mencionada regulación profesional.**
5. **Mostramos o noso desacordo coa clasificación actual dos grupos ocupacionais**, así como dos requisitos de formación establecidos, recomendando a súa modificación na liña do exposto no punto anterior.



Ilustre Colexio Oficial
de Licenciadas/os en Educación Física
e en Ciencias da Actividade Física
e do Deporte de Galicia

6. Entendemos que, se ben o posto de Director-Xerente pode rexerse polo principio de libre competencia, **as profesións de Director deportivo e de Monitor deportivo deben estar en mans de persoas coa correspondente formación** académica oficial e cualificación profesional.
7. A negociación do **Convenio colectivo de instalacións deportivas de Galicia debe adaptarse ás novas esixencias** emanadas das leis sobre o exercicio profesional e respectar os criterios dos textos normativos existentes:
- *Lei 17/2009, de 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio (BOE 24/11/2009).*
 - *Lei 25/2009, de 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio (BOE 23/12/2009).*
 - *Lei 1/2010, de 11 de febreiro, de modificación de diversas leis de Galicia para a súa adaptación á Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior (DOG 23/02/2010).*
 - *Lei de Cataluña 3/2008, de 23 de abril, do exercicio das profesións do deporte (DOGC 02/05/2008).*
 - *Anteproxecto de Lei sobre ordenación do exercicio de determinadas profesións do deporte (Consejo Superior de Deportes).*

Por último, **reiterar unha vez máis o noso ofrecemento de asesoría e colaboración aos sindicatos e á patronal**, dentro do marco da negociación do Convenio colectivo de instalacións deportivas de Galicia.

Vicente Gambau i Pinasa
Presidente do COLEF Galicia